



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A CASA DE GALICIA EN HUELVA PARA CONTRIBUIR AO PAGAMENTO DAS COTAS MENSUAIS DE CAPITAL AMORTIZADO EN 2020 PARA A ADQUISICIÓN DA SEDE SOCIAL

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, a **Secretaría Xeral da Emigración**, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración, D. Antonio Rodríguez Miranda, nomeado mediante Decreto 140/2020, do 17 de setembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra, a **Casa de Galicia en Huelva**, representada neste acto polo presidente da entidade, D. Antonio Pastoriza Lino, actuando no seu nome e representación.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura do presente convenio de colaboración e para estes efectos,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias poden subscribir convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en concordancia co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da





Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as políticas de emigración e retorno en Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados coas mesmas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia.

TERCEIRO.- De acordo co citado Decreto 76/2017, do 28 de xullo, a Secretaría Xeral da Emigración xestiona diversos programas tendentes a mellora da calidade de vida dos galegos e das galegas residentes fóra de Galicia que executa a través da estrutura das entidades galegas do exterior, polo que procura contribuír a conservación, fomento e promoción do seu patrimonio.

CUARTO.- A Casa de Galicia en Huelva fundada o 13 de marzo de 1998 por un grupo de galegos afincados en Huelva, é unha entidade sen fins de lucro, inscrita no Rexistro da Galeguidade como centro colaborador. Segundo os seus estatutos ten un carácter cultural, benéfico, recreativo e deportivo, agrupando no seu seo a cantas persoas galegas ou non, que se sintan identificadas ou simpaticen co obxecto e fines da mesma. Na actualidade conta cun total de 168 socios, das que 128 son galegas.

Os seus fins son os de estudar, cultivar, expandir e difundir a galeguidade e a colaboración con entidades, asociacións e organizacións afíns, en especial coa Xunta de Galicia e ten como obxectivo principal o de estimular, e afianzar a confraternidade galaico-andaluza, mediante a difusión dos valores de Galicia. Para a consecución dos seus fins desenvolve actos culturais, sociais e recreativos; celebra festividades de tradición galega como o entroido, os maios, as letras galegas, San Xoán, Santiago Apóstolo, o magosto, etc.; e da asistencia e orientación sobre o Camiño de Santiago e sobre estudos, traballo e turismo en Galicia a todos aqueles que así o solicitan.

QUINTO.- Nos seus inicios, a entidade utilizou temporalmente como sede o local do “Restaurante Las Meigas”, nese momento, o seu principal obxectivo era conseguir un local propio onde poder realizar as distintas actividades.

A sede actual foi adquirida, segundo escritura notarial, o 27 de novembro de 2002 á empresa Servicios y Suministros Técnicos Lamela, S.L. (SYSTEL), por medio dunha opción real de compra, a pagar en 20 anos (2003-2022) mediante a fórmula aluguer/hipoteca, amortizable en cotas mensuais de capital máis intereses, revisable anualmente segundo o euribor, por importe de 252.425€, cunha amortización anual variable que para o ano 2020 ascende a 14.544€.



Segundo a escritura a Opción de Compra pódese executar a partir dos dez anos dende a data do seu outorgamento, e é imprescindible o pago mensual de todas as cotas para o exercicio da opción, o seu incumprimento sería causa de extinción do dereito da opción real de compra.

O local obxecto desta opción real de compra está situado na Rúa de Gravina, números 12, 14 e 16 da cidade de Huelva, ten unha superficie aproximada de 394 m² e, divídese en dúas partes, entresollado e baixo. O entresollado é o lugar onde esta a sede social da Casa de Galicia en Huelva e o baixo está adicado a mesón/restaurante.

SEXTO.- Nestes anos dende que se outorgou a Opción de Compra, a Casa de Galicia en Huelva cumpriu cos pagos escrupulosamente grazas ao aluguer do local destinado a mesón/restaurante, que practicamente cubría as necesidades do orzamento, xunto ás cotas e algunha outra aportación extraordinaria necesaria para salientar os problemas que puntualmente lle xurdían, tales como incumprimento do contrato por parte dalgún concesionario do local, avarías e reformas, crese financeira, etc.

No mes de marzo deste ano, debido ao estado de alarma provocado pola COVID-19, o mesón/restaurante tivo que pechar as súas portas cun cese de actividade. Como consecuencia disto a Casa de Galicia quedouse sen os ingresos necesarios para facer fronte tanto aos pagos mensuais ao propietario do local como tamén ás facturas de subministros (electricidade, gas e auga) que están a nome da entidade e que repercutían mensualmente mediante facturas de servizo ao concesionario do local.

Na actualidade, os membros da Xunta Directiva da Casa de Galicia en Huelva son os que se están a facer cargo dos pagos de todos os gastos, tanto do pago das cotas mensuais relativas a opción de compra da sede, como das facturas de subministros dos que son titulares.

SÉTIMO.- A Secretaría Xeral da Emigración estima que é necesario establecer unha colaboración coa Casa de Galicia en Huelva para lograr evitar a perda da súa sede e que permita conseguir protexer o seu patrimonio e continuar desenvolvendo a súa actividade cultural e social a prol da comunidade galega asentada en Huelva e de Galicia en conxunto.

OCTAVO.- A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, por tratarse dunha actuación puntual e urxente que non pode enmarcarse dentro da actuación xeneralizada de axudas establecida para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública debido a propia natureza da necesidade xurdida, e ser a única entidade galega existente en Huelva.



A magnitude das dificultades que está a atravesar a entidade, e a importancia que representa para Galicia manter en funcionamento unha entidade das súas características na ubicación física da súa céntrica sede, e o que a entidade representa para a colectividade galega que reside en Huelva, xustifican o interese público para a concesión directa e extraordinaria da subvención obxecto deste convenio. por parte da Secretaría Xeral da Emigración ao amparo do disposto no citado artigo 19.4 c) da lei 9/2007.

Por todo o exposto, e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración, que recolle as seguintes,

CLÁUSULAS



PRIMEIRA.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre as entidades asinantes para a concesión dunha subvención destinada a contribuír ao pagamento das cotas mensuais do capital amortizado durante o ano 2020 pola Casa de Galicia en Huelva para a adquisición da súa sede.

SEGUNDA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

Co obxecto de colaborar no financiamento deste convenio, a Secretaría Xeral da Emigración comprométese, a achegar con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.781.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, unha contía máxima de **dez mil euros (10.000€)**. Esta cantidade representa un 68,76 % do gasto máximo subvencionable , que se estima en 14.544 €.

TERCEIRA.- COMPATIBILIDADE

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver.



CUARTA.- PRAZOS E MODOS DE PAGAMENTO

O importe librarase no momento en que a entidade beneficiaria xustifique fidedignamente o pago das cotas mensuais correspondentes ao ano 2020, e as demais condicións para as que se lle concedeu a axuda.

QUINTA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN

O prazo de xustificación deste convenio remata o 10 de decembro de 2020.

En virtude do disposto no Título III, artigos 42 e 44 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa.

O pagamento do importe da subvención efectuarase contra a presentación de conta xustificada que conterá a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa na que se exprese que a totalidade dos fondos foron empregados na consecución dos obxectivos do presente convenio, asinada polo representante da entidade.

Memoria final detallada das actuacións levadas a cabo ao abeiro do convenio asinada polo representante da entidade.

- Certificación da empresa Servicios e Suministros Técnicos Lamela, S.L. como cedente e constituínte da opción real de compra, na que conste o importe da débeda viva ao 1 de xaneiro de 2020, do importe total pagado en 2020 e do importe pendente a 1 de decembro de 2020.

- Copia da escritura notarial de constitución de opción real de compra.

- Relación clasificada dos xustificantes dos pagos das cotas, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento.

- Documentos xustificativos dos gastos relacionados no paragrafo anterior, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que foran efectivamente pagados durante o período de vixencia do convenio e con anterioridade a data de finalización da súa xustificación.



Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario. Non obstante, para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros, aceptárase a xustificación do pagamento mediante recibín do proveedor, en virtude do disposto no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto aprobadas como as pendentes de resolución, concedidas para os mesmos fins que son obxecto deste convenio, das distintas Administracións Públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou de entidades privadas.

- Declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda co Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro.

De non xustificaren o importe total do gasto subvencionable da subvención obxecto do convenio, e sempre e cando se tivera acadado o seu obxecto, a Secretaría Xeral da Emigración minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado.

SEXTA.- REINTEGRO

Procederáse ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devengados desde o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.



SÉTIMA.- OBRIGAS DAS PARTES

1.- A Casa de Galicia en Huelva comprométese a:

- Destinar os fondos percibidos ao pagamento das cotas do ano 2020 de amortización do préstamo para adquisición da sede social, obxecto do convenio.

- Destinar o inmovible á súa sede habitual e permanente durante un período mínimo de cinco anos. O incumprimento desta obriga de destino antes do prazo sinalado, que se producirá en todo caso co alleamento ou gravame do ben ou coa disolución da entidade, será causa de reintegro da subvención nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e quedarán os bens afectos ao pagamento do reintegro calquera que sexa o seu posuidor, salvo que resulte ser un terceiro protexido pola fe pública rexistral ou se xustifique a adquisición dos bens con boa fe e xusto título.

Non se considerará incumplida a obriga de destino referida no punto anterior cando o cambio de destino, alleamento ou gravame do ben, ou a disolución da entidade, sexa autorizada pola Secretaría Xeral da Emigración, debendo comunicar a entidade beneficiaria con antelación calquera modificación prevista na finalidade ou na titularidade do ben subvencionado. Neste suposto, o adquirente asumirá a obriga de destino dos bens polo período restante e, no caso de incumprimento desta, do reintegro da subvención

- No caso de bens inscribibles nun rexistro público, deberá facerse constar na escritura esta circunstancia, así como o importe da subvención concedida.

- Colocar, nun lugar visible na sede da Casa de Galicia en Huelva, unha placa de carácter permanente na que conste o logotipo da Xunta de Galicia coa lenda "A adquisición da sede da Casa de Galicia en Huelva foi subvencionada pola Xunta de Galicia".

- A Casa de Galicia en Huelva remitirá á Secretaría Xeral da Emigración a información detallada acerca da súa actividade cando esta llo requira e, en todo caso, á conclusión do presente convenio.

- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Cuentas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

- Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para os beneficiarios de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





- Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento deste programa, a condición de entidade subvencionada pola Secretaría Xeral da Emigración, así como os seus correspondentes logotipos.

- Facilitar a actuación dos técnicos da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.

- Subministrar á Secretaría Xeral da Emigración, en virtude do disposto no artigo 4 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Secretaría Xeral da Emigración das obrigas previstas no Título I da citada Lei.

2.- A Secretaría Xeral da Emigración obrígase a:

- Achegar o importe do financiamento previsto na cláusula segunda condicionada ao cumprimento do estipulado no presente convenio. No caso de que o importe xustificado fora inferior ao custo previsto das obras no obxecto do convenio, o pagamento reducirase nesa proporción.

OCTAVA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

2. Igualmente, e de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

NOVENA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros, as seguintes:

- a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste convenio.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.



DÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dous representantes da Secretaría Xeral da Emigración, dos cales un será o presidente e dous representantes da entidade.

A Comisión terá as seguintes funcións:

a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.

b) Propoñer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 do outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración, ou o persoal dela dependente, non impartirán instrucións nin ordes aos traballadores contratados para a execución deste convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE, SEGUIMIENTO E COLABORACIÓN

En virtude do establecido nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o convenio deberá ser publicado a través da Base de Datos Nacional de



Subvenciones (BDNS), que operará como sistema nacional de publicidade de subvencions a través da súa páxina web www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index.

O beneficiario da axuda coñece e consente a inclusión dos seus datos nos rexistros aos que, en virtude da normativa á que está sometido o convenio, deberá dársele publicidade a esta subvención, en concreto, nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso de todas as partes para as obrigas de publicidade impostas pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

DÉCIMO TERCEIRA.- RÉXIME XURÍDICO

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido no mesmo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións nos seus preceptos básicos e demais normativa que sexa de aplicación.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestimento pola outra parte procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos esta entidade reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que deán lugar de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio (agás as que teñen que ver co outorgamento, xustificación, pagamento, reintegro e determinación de responsabilidades relativas a subvención concedida que serán resoltas polo Secretario Xeral da Emigración) integraranse, interpretaranse e resolveranse motivadamente pola administración autonómica, logo do ditame non vinculante da comisión a que fai referencia a cláusula décima. Contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderanse interpoñer os oportunos recursos contencioso-administrativos ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.



DÉCIMO CUARTA.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2020, agás que sexa denunciado por algunha das partes, por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2020.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O SECRETARIO XERAL DA
EMIGRACIÓN



Antonio Rodríguez Miranda

O PRESIDENTE DA CASA DE
GALICIA EN HUELVA

Antonio Pastoriza Lino

